

# Concurso de Estrelas de Belén 2022

## Bases

1. Poderán participar neste **“Concurso de Estrelas de Belén”**, todo o alumnado que o desexe.
2. A técnica utilizada para a decoración da estrela será libre, podéndose utilizar calquera tipo de material ou elemento decorativo do Nadal (materiais de refugallo, cartolinas, piñas, froitos secos, cortiza, cintas de regalo...)
3. O prazo de entrega das obras estará aberto dende as 9.00 horas do día 1 ata as 11.00 horas do 16 de decembro de 2022 . Irase expoñendo nos taboleiros das etapas ata o día 21 de decembro. Todas terán que traer o nome e o curso escrito visiblemente pola parte de atrás.
4. Os premios que se establecen son os seguintes:  
  
E. Infantil  
Primeiro ciclo de E. Primaria (1º - 3º)  
Segundo ciclo de E. Primaria (4º - 6º)  
ESO  
FPB
5. Para a concesión dos premios constituirase un xurado (composto por profesorado de infantil, primaria, secundaria e FPB) que seleccionará as obras considerando especialmente a orixinalidade das mesmas, para emitir o seu fallo. Reunirase o luns 19 de decembro.
6. O fallo do xurado e entrega de premios farase o día 20 de decembro, no Festival de Nadal para o alumnado.
7. O ultimo día devolveranse ao alumnado para que adornen os seus fogares no Nadal.

